




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "SANTA RITA"  
A Trave – 27867 GALDO-VIVEIRO (Lugo)  
Correo e. ceip.santarita@edu.xunta.es

Tfno.982598902

Fax .982598905



## MEMORIA Curso 2008/2009

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

C.E.I.P. "Santa Rita" Galdo-Viveiro



Durante o curso escolar que rematou, o Equipo de Normalización Lingüística do C.E.I.P. "Santa Rita" de Galdo-Viveiro estivo constituído polas seguintes persoas:

M<sup>a</sup> Luz Marcos Marcos (E.I.)

M<sup>a</sup> del Mar Barreira Rodríguez (E.I.)

Ana Blanco López (1<sup>o</sup> ciclo)

Dolores Mon Cao (2<sup>o</sup> ciclo)

Antonio Gómez Galdo (3<sup>o</sup> ciclo)

M<sup>a</sup> Carmen Pernas Fraga (Inglés, Coord. Programas Europeos e Xefa do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias)

Concepción Seara Cerdeiras (P.T.)

X. Luís Ramallal Rego (E.F.). Coordinador.

O traballo desenvolvido por este equipo, tal e como se vén facendo desde hai anos, estivo orientado á consecución de catro grandes obxectivos, que ó noso modo de ver deben estar presentes en todas as iniciativas encamiñadas á defensa e normalización da nosa lingua. Estes son:

- Posta en valor do idioma como parte esencial do noso ser individual e colectivo nun país que ten unha cultura e unha fala ben diferenciadas.
- Promover por tódolos medios posibles a implantación normal como lingua comunicativa en situacións informais ou non académicas do galego.
- Facilitar o acceso a todo tipo de material impreso que permita participar de distintas manifestacións culturais en galego.
- Fomentar o aprecio polas manifestacións culturais propias que singularizan e arriquecen Galicia.

Aos catro anteditos obxectivos se remitiu a redacción do noso proxecto de traballo e, en consecuencia, toda a labouira desenvolvida tanto polos membros deste equipo como polo resto do persoal do centro.

O plano de traballo para este ano contemplaba unha serie de actividades que, sendo continuación do traballo desenvolvido en pasados cursos, diferenciábase netamente destes por estar enfocado a aspecto da cultura e da lingua sen tratar.

Xa que logo, o traballo deste equipo centrouse en:

1.- Continuar adquirindo fondos bibliográficos para o centro orientados a aqueles alumnos/as que máis o precisasen, complementado cos últimos envíos feitos pola Consellería de Educación. Houbo acordo unánime en que segue habendo



necesidade de material impreso para primeiros lectores: para os nenos/as de E.I. e o 1º ciclo de E.P. e tamén necesidade de renovación de fondos.

2.- A elaboración dun novo número do xornal escolar: "**A TRABE-sia**", do que se imprimiron 180 exemplares como o que se adxunta a esta memoria. Nas distintas reunións de equipo celebradas había acordo en que a elaboración do xornal escolar debía constituír unha actividade integrada no traballo diario; é dicir, en ningún caso debía ter un carácter de excepcionalidade nin supor unha alteración no día a día da aula. Partindo desta premisa o paso seguinte foi tratar de reflectir nos temas tratados no xornal tanto o traballo nas aulas como as distintas actividades das que fomos protagonistas e participantes durante o curso (Ver Xornal 2008-2009.pdf en carpeta XORNAL ou na web do centro <http://centros.edu.xunta.es/ceipsantarita>)

3.- Desde este E.N.L. estamos convencidos de que non se debe perder unha das manifestacións máis ricas e directamente relacionadas co sentir do pobo que non é outra que a tradición oral, polo que nos pareceu axeitado contar con persoas que se adicasen a dicir e contar cousas, por iso continuamos coa subscrición coa Editorial Kalandraka, que oferta unha actividades de contacontos referenciada aos propios títulos para os nenos e nenas de E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria.

- **Obras de teatro:** Púxose en escea unha adaptación do conto "*Ai, Filomena!*" polas alumnas e alumnos do 2º nivel do 3º ciclo (21/12/08) (Ver carpeta TEATRO).
  - Os rapaces de 1º do 1º ciclo representaron a obra "*O avó*" (21/12/08) (Ver carpeta TEATRO)
  - Fixéronse distintas representacións con monicreques: os pequenos de E. Infantil recrearon contos ("*Os tres porquiños*", "*Carrapuchiña Vermella*",...), os rapaces de 1º do 1º ciclo recrearon a canción "*Cocorico*" e os nenos/as de 2º do 1º ciclo o conto "*A princesa do Courel*". (Ver carpeta MONICREQUES)
  - Aproveitando a posta en escea por parte do G.T. do I.E.S. "Vilar Ponte" da obra "*Commedia. Un xoguete para Goldoni*", e que forman parte do grupo exalumnos deste centro, e mesmo parte do profesorado, contratouse unha representación no centro (12/06/09). (Ver carpeta TEATRO)
- **Sesión de contacontos:** Desenvolvida no centro por dúas persoas enviadas por Kalandraka Editora e na que participaron E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria. (26/02/09). (Ver carpeta CONTACONTOS).



4.- Canto ao mantemento e recuperación de costumes e tradicións, desenvóléronse as actividaes seguintes:

- Os alumnos e alumnas do 3º ciclo de E. Primaria elaboraron un catálogo de arbustos que dan froito ao final do verán e no outono. (Ver a carpeta ARBUSTOS)
- Celebración do Magosto, para o que se elaboraron distintos materiais: murais sobre o outono, pequenos contos, gorros, cucuruchos, colares,... (Tódolos ciclos). (Ver carpeta MAGOSTO).
- Elaborouse un recetario no que se recollían distintas elaboracións de produtos da época (Ver exemplo no xornal e carpeta MARMELADA). Tamén se fixo unha exposición e degustación de froitos do outono (Ver carpeta FROITOS DO OUTONO).
- Na última semana de outubro fixéronse distintos actos co gallo do Samaín, establecendo paralelismos e diferencias co Halloween saxón. (Ver carpeta SAMAÍN)
- **O Entroido.** Elaboraron disfraces e aprenderon cantigas para o desfile que se fixo polas rúas de Viveiro. Este ano o tema dos disfraces foi o mundo do circo. (Ver carpeta ENTROIDO).
- Recolleita de recitados, xogos de sortes, cancións,... en formato de audio (mp3) para a creación dun arquivo de tradición oral a disposición da comunidade educativa na web do centro. Elaboráronse unhas fichas para o rexistro e catalogación dos arquivos, das que se achega un modelo (2º ciclo). (Ver carpeta AUDIO).

5.- Para a celebración das Letras Galegas 2009, á marxe do traballo co material institucional remitido ao centro, elaboráronse diversos murais (E. Infantil, 2º e 3º ciclos) e un panel cómic biobibliográfico sobre Ramón Piñeiro (1º ciclo). (Ver carpeta LETRAS GALEGAS).

6.- Polo que atinxe aos proxectos plurianuais previsto, o grao de desenvolvemento é diverso:

- **Tarxetas de Nadal**, que se elaboraron (unha por cada ciclo) e se remitiron por correo electrónico aos distintos centros de ensino da Mariña. (Ver carpeta NADAL).



- **Apadriña unha palabra**, que orixinalmente se plantexou en colaboración con outros centros da Mariña. Seguiuse traballando na catalogación e ilustración de palabras (comúns e menos comúns). Así, no 1º ciclo escolleuse unha palabra sobre a que se investigou e se elaborou un mural. No 2º ciclo elixiron algunhas palabras desenvolvendo tarefas nas que o nexo de unión era o termo que se traballaba. No 3º ciclo, seguiuse un esquema semellante (Ver carpeta PALABRAS).

7.- **Contos viaxeiros**. Esta actividade desenvolveuse por ciclos, adaptándose ao alumnado respectivo:


En E.I., conxuntamente, decidiron o tema e os personaxes, redactáronos colectivamente en cada clase e construíron cada un, un exemplar.

En 1º ciclo, consensuaron o tema e o texto e logo, por parellas, foron escribindo e ilustrando o texto.

En 2º ciclo, xeneraron 4 inicios de contos e logo, en grupos de 4 a 6 persoas, foron redactando partes dos catro contos de xeito rotatito. Ao final, catro representates de catro grupos procederon ao tratamento informático dos textos finais. (Ver carpeta CONTOS VIAXEIROS).

Páxina web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/ceipsantarita/>

**NOTA.:** Gran parte dos materiais elaborados incorporáronse ou vanse ir incorporando á páxina web do centro proximamente. Os materiais sonoros recollidos non se subiron á páxina web aínda por problemas técnicos.






## MODIFICACIÓNS:

Con respecto ao proxecto inicial houbo que facer unha serie de modificacións puntuais que se detallan a seguir:

- Contratación do G.T. do I.E.S "Vilar Ponte". Incluíuse esta actividade por que se considerou moi positivo que os rapaces e rapazas do centro viran como se incorpora o galego nunha actividade cultural, e para eles tan gratificante, coma o teatro; máis aínda cando parte dos actores son rapaces e rapazas que moitos coñecen e que, antes de cursar E.S.O. ou B.A.C., fixeron o E. Infantil e E. Primaria neste centro.
- Canto á recollida de tradición oral en formato audio, modificouse a actividade, abrindoa á inclusión de todo tipo de manifestacións orais, por unha banda, polo feito que neste contorno o patrimonio oral tradicional xa está moi deteriorado. E, por outra banda, por que para os rapaces/as a tarefa é máis sinxela de entender se o espectro de recollida é ampla. A perspectiva que mantemos é a de que, unha vez iniciado este traballo de campo, resultará menos sorpresivo, e polo tanto máis eficaz, o que se faga a partires de agora neste eido.
- No que atinxe aos proxectos plurianuais intercentros, atopamos dificultades na contiunuación da colaboración, ben sexa por que se produciron cambios nos claustros ou ben sexa por que mudaron de liña de traballo. En todo caso, nós entendemos que se pode seguir adiante co proxecto de xeito individual, e así o fixemos.





## VALORACIÓN:

A valoración xeral que se fai do desenvolvemento do proxecto e das actividades propostas é moi boa, toda vez que se plantexaron co coñecemento das posibilidades do medio e a experiencia de cursos pasados.

Moi positivamente valoramos a implicación da comunidade educativa, especialmente na recuperación de tradición oral en formato mp3. Somos conscientes de que houbo dificultades e reticencias polo sistema de recuperación, e pro confiamos en que se poida ampliar o traballo en vindeiros cursos.

Colaborouse, coma sempre, nas actividades propostas desde as institucións: Semana do Libro e a Literatura de Viveiro, Concurso de contos do Concello de Ourense, intercambiáronse publicacións cos centros educativos do concello,...

Non cabe dúbida de que sempre hai cousas mellorabeis, pero estamos razoablemente satisfeitos e, en todo caso, unha das dificultades maiores constitúea, cada vez máis, o tempo material para desenvolver as actividades e integralas no devir ordinario das aulas.

Outro aspecto a mellorar, que consideramos que debería ser unha prioridade de tódalas comunidades educativas, é o da comunicación e, sobre todo, colaboración entre distintos centros do concello, e da Mariña.

Galdó, a 29 de xuño do 2009

Vº Bº

O Director:

Asdo.: José Rodríguez Costa

O Coordinador:

Asdo.: X. Luís Ramallal Rego

